



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

<b>ACTA Nº 1</b>	<b>PLENO DO CONCELLO</b>	
DATA DA SESIÓN: <b>02.02.2017</b>	CARACTER: <b>ORDINARIA</b>	CONVOCATORIA: <b>PRIMEIRA</b>
LUGAR: <b>SALÓN DE PLENOS</b>	HORA: <b>20:00 HORAS</b>	

**PRESIDE:** D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE (PSdeG - PSOE)

**ASISTENTES:**

D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRIGUEZ GONZÁLEZ	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D <sup>a</sup> . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
-----------------------------	--------------------

**PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA DE 25.11.2016 E EXTRAORDINARIA DE 21.12.2016).**

O sr. Alcalde pregunta os concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas das sesións plenarias dos días 25 de novembro e 21 de decembro de 2016.

A sra. Iglesias Ferreira di que na páxina 1 debe corrixirse a palabra “abtén” por “abstén” e na páxina 17 na súa intervención do debate debe corrixirse “aínda que dito estudio non di que se viable” por “aínda que dito estudio non di que sexa inviable”.

O sr. Rodriguez Fariñas di que parece que o secretario se esmerou bastante na redacción da acta. Só critica que as preguntas feitas no pleno están sin contestar .

A sra. Ortega Martínez agradece ó secretario que recollera na acta que o alcalde lle pediu a interventora que non contestara a unha pregunta do Partido Popular.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a **acta do 25.11.2016 coas correccións apuntadas**, foi aprobada pola unanimidade dos presentes na mesma (Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira **(dezaseis votos a favor)**) e **COA ABTENCIAÓN do Sr. Rodriguez González por non estar presente na mesma.**

Sometida a votación a **acta do 23.12.2016**, foi aprobada pola unanimidade dos presentes na mesma (Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira **(dezasete votos a favor)**).

Neste momento, e de acordo co Regulamento do Pleno do Concello da Guarda, o Sr. Alcalde informa que se presentou unha moción por vía de urxencia. É necesario votar dita urxencia, e se prospera se debatirá ó final do punto das mocións. Lle pide ó proponente da moción que é o Sr. Rodríguez Fariñas que xustifique a urxencia.

**O sr. Rodríguez Fariñas** expón que a súa moción de urxencia se presenta debido ás discrepancias xurdidas a raíz da solicitude de cambio de denominación de rúas feita pola Peña Celtista do Baixo Miño (feita en forma de moción). Cre que a decisión que se adopte vai ter repercusión no futuro e considera que teñen dereito a manifestar a súa opinión e a posicionarse claramente neste asunto.

**O sr. Lomba Alonso** explica en primeiro lugar os antecedentes: presentouse unha moción por parte da Peña Celtista do Baixo Miño (asumida polo PP) e agora se presenta unha moción de urxencia nun sentido diferente ó que se pide na moción primeira. Di que o BNG sempre tentou de evitar estas diferencias e cre que con este tema se vai danar ó Concello da Guarda e á institución que se pretende honrar. Por este motivo o BNG pediu unha reunión de portavoces previa ó pleno: co fin de chegar a un acordo. Recorda que neste concello se chegou a aprobar o nome dunha rúa co único voto a favor dunha persoa, e non lle gustaría que pasase esta noite algo parecido. Adianta que o BNG vaise abster en calquera votación que se faga ata que non haxa unanimidade.

**A sra. Ortega Martínez** di que non ve a urxencia da moción. Recorda que é un tema do que xa se está falando dende hai tempo, sobre o que houbo varias reunións nas que o Sr. Rodriguez Fariñas nin siquera apareceu e que por eso non reconece a urxencia da moción.

**O sr. Español Otero** di que o equipo de goberno mantivo varias reunións co proponente da moción e cos diferentes grupos políticos e que non se conseguiu chegar a ningún acordo. Recorda que nesas reunións o presidente da peña celtista non se moveu un ápice da súa postura primeira, mentras que, por outra banda, o Sr. Rodríguez Fariñas introduciu unha fórmula que cadraba mellor co parecer do equipo de goberno. Esta fórmula se lle propuxo ó Presidente da Peña Celtista do Baixo Miño e non a aceptou. Di que lle sorprende que o PP asumira esta moción sen consultar cos demais, porque sempre se dixo que habería que traer unha moción de consenso. Di que, se o Grupo Municipal Socialista se abstén na votación da moción que asumiu o PP, entón haberá unha rúa co nome de Real Club Celta de Vigo; como o equipo de goberno non comparte a postura defendida polo Partido Popular, pero si a presentada por Convergencia Galega vai votar a favor da urxencia.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que o que dí a portavoz do Partido Popular non é verdade. Di que estivo nunha reunión sobre este tema na que expuxo claramente a súa postura. Tamén



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

llo dixo ó proponente. Presenta esta moción por vía de urxencia porque non pode ir pola vía normal, isto non quere dicir que a moción sexa urxente.

**A sra. Ortega Martínez** di que ela sigue considerando que este tema non é urxente.

**O sr. Alcalde** di que hai unha proposta do BNG de retirar as dúas mocións sobre o asunto.

**A sra. Ortega Martínez** di que manteñen a súa moción.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que maten a súa moción.

Sometida a **VOTACIÓN A URXENCIA FOI APROBADA** co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (9):** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira. (NOVE VOTOS FAVOR )

**VOTOS EN CONTRA (5):** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez (CINCO VOTOS EN CONTRA)

**ABSTENCIÓNS (3):** Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez (3 ABSTENCIÓNS)

O sr. Alcalde anuncia neste momento que o Presidente da Peña Celtista do Baixo Miño presentou solicitude para intervir no Pleno e que o fará no momento inmediatamente anterior ó debate e votación da moción.

### **PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS**

---

**A sra. Iglesias Ferreira** di que se da por enterada.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que se da por enterado.

**O sr. Baz Vicente** di que o BNG dase por enterado.

**A sra. Ortega Martínez** fai as seguintes preguntas

1ª.- Sobre o Decreto 842/2016. Pregunta se se lle está pagando puntualmente a Caminha? A sra. Magallanes Alvarez di que si.

2ª.- Sobre o Decreto 844/2016. Se anula unha partida de crédito. Parécelle sorprendente que a concelleira de facenda e deputada provincial non saiba que as factuas enviadas non se poidan incluír na subvención.

3ª.- Sobre o Decreto 940/2016. Este decreto outorga unhas subvencións cun reparo de intervención por ser contrarias á Lei de Subvencións no mesmo día que o Partido Popular presentou en pleno unha recusación contra unha concelleira por este mesmo feito. Informa ó resto dos concelleiros da existencia deste decreto e do reparo de de intervención 123 para que se dean por enterados. Anuncia que extenderán a recusación ós concelleiros Sres/as. Magallanes Alvarez e Rodríguez Gonzalez, en virtude do estipulado na citada Lei de Subvencións.

**O sr. Alcalde** explica que os departamentos de intervención de todos os concellos fan reparos porque interpretan que as cousas se poden facer doutro xeito. En todo caso, hai distintos tipos de reparo e sinala que o Alcalde non incurre en delito por levantar este tipo



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de reparos. En moitas ocasións está obrigado a facelo. Sobre as alegacións e a recusación vaise debater no Pleno dos orzamentos.

**O sr. Español Otero** di que o equipo de goberno ten paz interna polo seu traballo, ten a conciencia tranquila. Considera que esta actitude do Partido Popular ven dada por unha “pataleta” ó ver que o equipo de goberno alcanzara un acordo para aprobar os orzamentos. Non obstante, defende a lexitimidade e o dereito a votar de todos os concelleiros os orzamentos municipais e cre que a Interventora se equivoca no seu informe. Lle pide ó Partido Popular que cese nesa actitude de deslexitimar un acordo adoptado pola maioría do plenario.

**A sra. Ortega Martínez** di que só fala de Decreto 940/2016 e non do orzamento municipal. Di que a Lei de Subvencións hai a aplicarlle a todas as asociacións.

**O sr. Alcalde** relata o acontecido neste mesmo día na reunión da Mancomunidade, no que todo o expediente dunha transferencia de crédito o fixo a interventora do Concello de Tomiño, cun informe reparado por ela mesma.

### **PUNTO 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 1/2017.**

---

O Sr. Alcalde da conta da seguinte proposta:

*Vistos os documentos que integran o expediente e considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, e o artigo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, propónse a adopción dos seguinte acordos,*

*1º) Levantar o reparo nº 1/2017 emitido por intervención.*

*2º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017.*

*O Pleno decidirá o que estime máis convinte.”*

### **ABRESE O DEBATE**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que non vai apoiar este recoñecemento amparada no propio informe de intervención. Non obstante cre que os servizos prestados hai que pagalos.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que o título da providencia non se corresponde co contido do recoñecemento xa que nela se fala de desplazamentos e facturas de personal de servizos sociais, cando en realidade o recoñecemento é case en exclusiva para pagar a deuda coa empresa que presta o servizo de axuda no fogar, quen, por certo, non ten contrato. A propia interventora sempre informa en contra destes recoñecementos, polo tanto non vai apoialo.

**O sr. Baz Vicente** di que outra vez se fan as mesmas advertencias dende intervención no sentido de que se pode quedar sin crédito no orzamento do ano en curso. Non obstante, cre que os traballos realizados deben pagarse e, polo tanto, por responsabilidade vanse abster.

**A sra. Ortega Martínez** di que a maior partida deste recoñecemento vai destinada a pagar a Atendo e non entende por que non se licita este servizo e se evitan estes trámites. Di que se van abster para que se pague a quen realizou o servizo e para que non se produza un enriquecemento inxusto do concello. Anuncia que non vai ser sempre así.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**A sra. Magallanes Alvarez** di que o recoñecemento extraxudicial é unha figura que establece a lei e ademáis neste caso é de competencia plenaria, por eso agradece o posicionamento dos grupos que se absteñen porque permiten facer fronte ó pago destes servizos. Di que o Concello está traballando na licitación do servizo de axuda no fogar.

### **VOTACIÓN**

Sometida a proposta á votación **é aprobada** co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (7):** Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez (SETE VOTOS A FAVOR)

**VOTOS EN CONTRA (3):** Sres/as. Alvarez Carrero, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (TRES VOTOS EN CONTRA)

**ABSTENCIÓNS (7):** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martínez Vazquez (7 ABSTENCIÓNS)

### **PUNTO 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE TUI E A GUARDA RELATIVO Á SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A ESTE ÚLTIMO CONCELLO UTILIZANDO INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE TUI.**

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

*“Con data 22 de xuño de 1996 os Concellos de Tui e A Guarda asinaron un convenio relativo ó subministro de auga á este último procedente das instalacións de titularidade do Concello de Tui.*

*Mediante Decreto 26/2013, do 7 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza apróbase a constitución do Consorcio para a xestión do ciclo urbano de auga do Louro entre os concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, coa finalidade e prestar os servizos de abastecemento, saneamento e depuración existentes no territorio dos concellos que o integran. Este Consorcio leva a cabo, dende o pasado 1 de xaneiro de 2014, a efectiva prestación dos servizos de abastecemento competencia do Concello da Tui ata esa data.*

*En data 20 de setembro de 2016 recíbese no Concello da Guarda un borrador da addenda ó Convenio de colaboración entre os Concellos de Tui e A Guarda para recoller estas modificacións*

*Tendo en conta o anteriormente exposto, PROPOÑO que polo Pleno se acorde:*

*1.- Suscribir a Addenda ó Convenio de Colaboración entre os Concellos de Tui e A Guarda relativo á subministración de auga a este último concello utilizando instalacións de titularidade do Concello de Tui*

*2.- Facultar ó Alcalde- Presidente do Concello da Guarda para a sinatura da mesma.”*

### **DEBATE**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que o tema da auga sempre trae moito debate, como así sucedeu na Comisión de Asuntos Plenarios. O debate centrábase especialmente na existencia ou non dun contador xeral de entrada de auga. Non obstante, agora o que se debate é esta addenda



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

e ela non ten inconveniente. Di que a propia addenda establece como data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2017, que xa se cumpriu.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que non se cumpriu a palabra dada na Comisión de Asuntos Plenarios de traer os consumos e os pagos feitos dende o 2011. Recorda que cando se empezou con este servizo se deu un paso moi importante para A Guarda porque naquel entón había zonas que quedaban sen auga. Di que por responsabilidade vai votar a favor da addenda.

**O sr. Vicente Baz** di que o BNG ve con bos ollos a finalidade da addenda. Recorda as palabras do concelleiro delegado de que se vota man deste servizo cando falla o servizo municipal e por eso pide que se traballe máis na rede de subministro municipal para que non falle. Votarán a favor.

**A sra. Ortega Martínez** di que isto é unha simple subrogación. Recorda o traballo do plenario do ano 1996 e cre que é responsabilidade dos concelleiros actuais continuar dito traballo. Agradece o traballo daquela corporación.

**O sr. Español Otero** recorda que a pesar da sinatura daquel convenio de seguiron producindo cortes de auga.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a proposta a votación é **aprobada pola unanimidade** do presentes (17 votos a favor: Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira

### **PUNTO 5.- MOCIÓNS**

---

- RE nº 7.402 de CCD asumida mediante escrito RE 55 polo Partido Popular.- Moción para o inicio das obras da rúa A Cal no tramo da fonte da Cal hacia a estrada de Circunvalación.

A sra. Ortega Martínez le a seguinte moción.

#### **“Exposición de Motivos**

*Dado que los pasados años, se vinieron haciendo obras de mejoras de pavimentación bajo los convenios con Diputación de Pontevedra en varias calles de nuestro pueblo, teniendo que afrontar dichas obras por fases, en aquellas calles que el coste de la obra era elevado.*

*Una de esas calles es la Calle A Cal, cuya obra estaba proyectada en 4º fases y de momento solo hay tres terminadas.*

#### **Acuerdo**

*Desde CCD A Guarda venimos a presentar en este pleno del Concello de A Guarda*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*la siguiente moción para su estudio debate y si procede su aprobación:*

1. *La ejecución de las obras de mejora de la Calle A Cal, tramo comprendido desde la subida de la fuente hasta la salida envjla Carretera de Circunvalación."*

Rematada a lectura explica que esta moción non a asumiron para o anterior pleno porque non compartía unha pequena parte. Unha vez que o redactor da moción a modificou decidiron asumila. Di que na Comisión de Asuntos Plenario se lle pediu que non asumira esta moción porque xa hai un compromiso plenario para facer unha actuación nese lugar; ela di que só hai un compromiso de redactar un proxecto a cambio do apoio ós orzamentos. Di que proxectos hai moitos pero hai que executalos. O Partido Popular pide que se leve a cabo esta obra con cargo ó Plan Concellos.

### **DEBATE**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que foi ela quen pediu a retirada da moción recalando que existe un compromiso do equipo de goberno de levar a cabo un proxecto, non de redactar un proxecto. En todo caso sinala que este proxecto non é menor e recorda que a outra parte da rúa Cal, duns 480 metros de longo, houbo que afrontala en tres fases. A parte alta da rúa Cal é moito máis complicada e non se sabe canto vai costar: hai que seguir o Plan Xeral o que conleva expropiacións; nun tramo hai que meter novos servizos; hai muros que hai que reconstruír; existe un cruceiro. Di que de momento non se pode afrontar este proxecto porque o propio Partido Popular presentou alegacións ós orzamentos.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que a el lle da igual quen propoña a moción; pide que se manteña o compromiso do equipo de goberno de levar adiante esta actuación. Di que hai moitas outras zonas da Guarda que están abandonadas e por eso traen unha moción para elo.

**O sr. Baz Vicente** di que o BNG non ten no seu dicionario palabras como "execución xa" e "presas"; avogan por palabras como "proxectos". Hai cousas que non entenden do Partido Popular porque parece que só buscan un titular de prensa, toda vez que existe o compromiso do equipo de goberno de executar o proxecto da rúa Cal e da rúa San Cayetano; non facía falta isto. Di que este tramo da rúa Cal está incluído no Plan de Mobilidade que se está a redactar. Remata dicindo que o BNG presume de facer política e non demagogia, como neste caso está a facer o Partido Popular.

**O sr. Español Otero** di que na moción presentada hai falta de verdade; relata as fases polas que se pasou para executar as obras realizadas na parte baixa da rúa Cal. Di que para o equipo de goberno son iguais os veciños da parte de abaixo e os veciños da parte de arriba, e por eso van executar esta obra. Para elo é imprescindible elaborar un proxecto, que, con toda probabilidade, haberá que executar por fases debido a súa complexidade. Neste momento se está elaborando o levantamento topográfico. Considera que se trata dunha moción mal hilvanada e lle sorprende que o PP se faca eco dela.

**A sra. Ortega Martínez** pide respecto para CCD.

**O sr. Español Otero** di que no faltou ó respecto, só dixo que era unha moción mal hilvanada.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**A sra. Ortega Martínez** di, referíndose á concelleira Sra. Iglesias Ferreira, que ela leu a acta do pleno e nela só se reflexa o compromiso de redactar un proxecto; referíndose ás verbas do BNG di que ela tamén está orgullosa de ser política. Por último, e como o concelleiro Sr. Español Otero acaba de dicir que o compromiso abarca a execución da obra, lle pide que afine máis e diga para cando se vai executar.

**O sr. Español Otero** repite que o equipo de goberno asumíu o compromiso de redactar o proxecto da rúa Cal que agardan poder executalo, pero haberá que ver a dispoñibilidade económica do Concello.

### **VOTACIÓN**

Sometida a moción á votación obtén o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (5):** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Álvarez (CINCO VOTOS A FAVOR)

**VOTOS EN CONTRA (8):** Sres/as Lomba Baz, Magallanes Álvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González e Iglesias Ferreira. (OITO VOTOS EN CONTRA).

**ABSTENCIÓNS (4) :** Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez e Rodríguez Fariñas (CATRO ABSTENCIÓNS).

Polo que, a vista deste resultado, **a moción NON PROSPERA.**

- RE nº 8.003 de CONVERXENCIA GALEGA.- Moción para a disolución da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de A Guarda.

O sr. Rodríguez Fariñas da conta da seguinte moción:

*“Por medio de escrito presentado no Rexistro Municipal de data do 19 de decembro co número 7.882, e con copia aos partidos políticos que conformamos a Corporación Municipal, asinado polo Secretario/Coordinador da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de A Guarda, fan o longo de CINCO (5) PAXINAS, as distintas desavenencias e desencontros habidos co responsable político desta área, dende o inicio da volta a funcionar dita Agrupación.*

*No escrito, poñen de relieve como a maioría das súas solicitudes reciben contestacións negativas, ou en moitos casos, a calada e a única resposta que obteñen, iso pasa en accións de suma importancia como é a formación, para estar preparados para todo tipo de actuacións, tanto en terra como no mar, a carencia de medios materiais para poder levar a cabo as súas intervencións, ou da falta de recoñecemento das súas labours.*

*Por iso propoñen no séu escrito, veñen acordan a disolución da Agrupación dada a pouca ou nula importancia que o Equipo de Goberno do PSOE lles da, sendo avalada esta decisión pola sinatura de VINTECINCO (25) VOLUNTARIOS/AS, máis a do séu Secretario/Coordinador, situación que leva a que a Agrupación quede valeira de persoal, quedando pendentes de convocar unha Asemblea para facer efectiva dita disolución e solicitar a baixa no Rexistro de Asociacións de Voluntarios de Protección Civil, por elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a*





**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

*propoñer o Pleno, para o seu debate e aprobación si procede, da seguinte MOCION:*

*O Concello de A Guarda, acorda a DISOLUCION da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil."*

**DEBATE:**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que ela puido constatar todos os problemas que existen neste asunto. Cre que hai tantos desencontros que posiblemente haxa que acudir á vía da disolución da agrupación, de tódolos xeitos prefire escoitar a exposición do equipo de goberno para decantar o seu voto.

**O sr. Baz Vicente** di que eles faloron cos integrantes do GES e de Protección Civil e consideran que Ámbolos dous corpos son necesarios e compatibles. Agardarán as explicacións do equipo de goberno.

**A sra. Ortega Martínez** di que eles presentaron unha moción para regularizar a situación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. Parece que a situación é insostible neste momento.

**O sr. Español Otero** di que os membros da AVPC se autodisolveron e que a situación é insostible, polo tanto a mellor solución é acordar a súa disolución.

**VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación **é aprobada** co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (14):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (CATORCE VOTOS A FAVOR)

**VOTOS EN CONTRA (3):** Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez (TRES VOTOS EN CONTRA).

(21:55 horas .-Neste momento abandona a sesión o sr. Español Otero)

- RE nº 8.039 de CONVERXENCIA GALEGA.- Xacementos arqueolóxicos.

O sr,. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

*"Nos montes do noso Concello, tanto o Torroso como no Santa Trega, existen grandes indicios da existencia de distintos e diversos xacementos arqueolóxicos, a maiores do poblado castrexo máis grande e importante de Galicia, así como a aparición distintos vestixios na parte alta do cumio, como se ten comprobado cando se fixeron obras na capela da Santa, o una parte baixa, como é o Castro da Forca, ou o igoal que podemos atopar en Cividáns, ou nos restos do castelo medieval do Torroso.*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*Ademais, temos que ter en conta por estas características dos nosos montes, calquer corta de masa arbórea que se faga nos montes comunais, ten que ter previamente realizada unha cata dos terreos, dirixida por un arqueólogo, seguindo as directrices de Patrimonio.*

*A Brigada Arqueolóxica, contaría de xeito permanente do persoal do Padroado adicado a limpeza do monte e en temas puntuais a colaboura dos das Comunidades de Montes implicadas.*

*Dende CONVERXENCIA GALEGA, consideramos que é necesario discos dún técnico especialista profesional que dirixa e controle tódolos traballos que se fagan nesas áreas tan sensibles.*

*Tendo en conta que é responsabilidade da Xunta de Galicia o manter en bó estado os xacementos arqueolóxicos, esa sería unha das vías de financiamento para poder acometer as tarefas de limpeza, sinalización e mantemento en bo estado estes espazos.*

*De non existir ningunha acción concreta da Xunta de Galicia, no transcurso do primeiro semestre do ano, se solicitaría a Deputación Provincial que incrementase a colaboura co Padroado, as Comunidades de Montes e o Concello de a Guarda, dentro do marco legal da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.*

*Por eso, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a traer o Pleno para o séu debate e aprobación si procede, a seguinte MOCION:*

*A).- o concello de A Guarda, xunto cas Comunidades de Montes e o Padroado Municipal Monte de Santa Trega, para manter en bo estado, limpar e sinalizar xacementos arqueolóxicos existentes, así como desenrrolar traballos de consolidación dos mesmos ou dar inicio a actividades en novos espazos, solicitará fondos a Xunta de Galicia, para financiar a contratación de un arqueólogo (ou asinado directamente pola mesma para estas funcións) para que coordine e dirixa as tarefas sinaladas anteriormente.*

*B).- No caso de inacción da Xunta de Galicia, durante o primeiro semestre do vindeiro ano, solicitarase a colaboura e maior compromiso a Deputación Provincial, dentro do marco legal da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia."*

### **DEBATE:**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que apoiará a moción.

**O sr. Lomba Alonso** sinala que o que dí a moción é unha cousa e o que se está explicando agora é outra, e o que se vai votar é que di a moción. Cre que o espírito da moción é interesante porque pretende que se cumpra a Lei. Lle parece ben que se cree unha brigada arqueolóxica; o que lle resulta "chirriante" é a parte na que di que "a brigada arqueolóxica contaría de xeito permanente co persoal do Padroado...", porque se nomean zonas nas que o Padroado non ten competencias. Por outra banda, cre que non hai que solicitar fondos, senón que hai que instar á Consellería para que teña un equipo de técnicos aquí cando sexa necesario. Por esta razón piden que se cambie a parte resolutiva no sentido seguinte: Instar á Xunta de Galicia a poñer un arqueólogo... (non solicitar fondos). Consideran que a Xunta de Galicia ten moito que dicir neste tema e non se pode derivar á Deputación.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**A sra. Ortega Martínez** di que sería desexable que houbera un arqueólogo permanentemente pero a Xunta de Galicia non financia actuacións en terreos privados.

**O sr. Crespo Gonzalez** di que a moción fala dun arqueólogo ó servizo do Concello. Comparte co BNG que a Xunta de Galicia ten moita responsabilidade neste asunto.

**O sr. Rodriguez Fariñas** explica que a actuación da Deputación se levaría a cabo só mentras que a Xunta de Galicia non faga as súas transferencias económicas. Recorda que as talas no Trega e no Torroso teñen que contar coa presenza dun arqueólogo.

**O sr. Lomba Alonso** di que no 1º párrafo da parte resolutive non aparece “Instar á Xunta...”; no segundo párrafo non queda claro como vai ser a participación da Deputación. Pide que se modifique este apartado resolutive do seguinte xeito: no 1º párrafo, no lugar de “solicitará fondos á Xunta de Galicia...” deberá poñer “Instará á Xunta de Galicia”; no segundo párrafo, en lugar de “no caso de inacción da Xunta de Galicia” deberá poñer “mentras non se consiga este servizo, a Deputación...”.

**O sr. Alcalde** di que dispoñen dunha información extraoficial que di que a Deputación vaise facer cargo da consolidación das excavacións feitas no monte e a musealización vana facer a empresa que gañou o concurso.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación **é aprobada pola unanimidade** dos presentes

**VOTOS A FAVOR (16):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASEIS VOTOS A FAVOR)

- RE nº 231 do BNG.- Moción para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos.

O sr. Lomba Alonso le a seguinte moción:

#### *“Exposición de motivos*

*En Galiza a taxa de risco de pobreza medrou nun só ano 4 puntos, situándose no 19,4% en 2015. Isto significa que máis de 700.000 persoas están en risco de exclusión social ou pobreza.*

*Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.*

*O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.*

*En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, nos últimos anos incrementáronse.*

*Esta situación faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.*

*Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.*

*Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as condicións climatolóxicas adversas do inverno, fan especialmente necesario que o goberno central e a Xunta de Galiza adopten medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.*

*O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como “pool” eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como “beneficios chovidos do ceo”, sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por uha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.*

*Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:*

*Acordo*

*Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:*

- 1. Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.*
- 2. Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxatativa de corte de subministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes a persoas e familias sen recursos.*
- 3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como ecedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas."*

(22:15 horas. neste momento incorpórase o sr. Español Otero).

### **DEBATE:**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que nesta mesma semana xa se fixeron xestións no Parlamento Español neste sentido e que, aínda que hai cousas na moción que habería que estudialas máis (como a tarifa galega), vai a apoiar a moción.

**A sra. Ortega Martínez** cre que o BNG non le a prensa porque esta semana aprobouse no parlamento español un acordo neste sentido ó que chegaran os dous partidos maioritarios do Congreso. Van apoiar a moción aínda que están en desacordo co punto 3 da parte resolutiva.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación é **aprobada pola unanimidade** dos presentes



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**VOTOS A FAVOR (17):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASETE VOTOS A FAVOR)

- RE nº 232 do BNG.- Moción para prevención, control e corrección dos efectos que provoca o xabarín.

O sr. Baz Vicente le a seguinte moción:

*“Exposición de motivos:*

*Dende o BNG queremos facermos eco das continuas queixas que os veciños e veciñas da Guarda teñen trasladado tanto ao concello como á Xunta da Galicia pola máis que prexudicial acción do xabarín na nosa contorna dende vai tempo.*

*Xa ven de anos atrás o incomodo por parte da veciñanza o entender que o incremento desproporcionado na poboación de xabaríns, ven dado pola falta de medios e interese que as distintas institucións amosan en controlar a súa área de acción e hábitos. Este desleixo que no caso da Guarda, tradúcese en colleitas devastadas, accidentes de tráfico, instalacións deportivas inutilizadas, etc.*

*A invasión deste animal é tal, que acotío poden ser vistos en zonas urbanas remexendo entre o lixo, cruzándose no camiño con persoas e, nalgún caso concreto, chegando a acceder ao xardín dun veciño para sorpresa e susto correspondente del e da súa familia.*

*O grupo municipal do BNG non pode entender como as solucións a estes problemas queden única e exclusivamente nalgunha que outra batida de xeito illado e nunhas indemnizacións farragosas e tardías para os afectados.*

*É importante tomar outro tipo de medidas para que todas aquelas fincas que ata vai pouco tempo estaban sendo traballadas, retomen o seu aspecto inicial. Unhas terras que foron ou están sendo abandonadas froito da sensación de impotencia e indefensión de seus propietarios ante a acción do xabarín e a pasividade das institucións.*

*Urxe tomar medidas que eviten accidentes de tráfico que, ou ben grazas á pericia do condutor, o respecto deste polas normas de circulación e a grandes doses de fortuna, unicamente teñen ocasionado ata o de agora danos materiais.*

*A solución non pasa por colocar sinais verticais nas estradas e ter que pelexarse coa burocracia para cobrar unha indemnización. O medo e a inseguridade na circulación non se corrixe con indemnizacións. O feito de ver o teu traballo arrasado non convida a seguir traballando as terras, porque a meirande parte das veces non se fai cunha finalidade lucrativa, se non polo feito de sentirse realizado e en conexión ca túa terra.( Algo moi galego e que non todo o mundo parece entender). Ese afastamento da terra crea úlceras sentimentais á par dun grave*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*risco de incendios, outro dos males endémicos contra o que non se está a loitar ben.*

*Atendendo a sensibilidade cos dereitos dos animais, do mesmo xeito que defendemos o coidado da natureza, da cadea alimenticia, así como os dereitos e obrigas das persoas con respecto a ela, vemos que neste caso son precisamente o incremento de xabaríns e a falta de políticas correctoras os que poñen en perigo todos estes factores.*

*Polo anteriormente dito o grupo municipal do BNG pide ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:*

### ACORDO

- 1. Instar á Consellería de medio Rural a que adoite políticas que regulen o censo sostíbel do xabarín en zonas semi-urbanas como o caso do Concello da Guarda.*
- 2. Que se apliquen formulas encamiñadas a minimizar a acción do xabarín en zonas de alta sensibilidade como son o Monte Trega e o Esteiro do Miño, escorrentándoo e manténdoo na medida do posíbel en contornas máis acordas aos seus hábitos sempre afastados de núcleos urbáns onde calquera abatida ou acción encamiñada ao control do mesmo é máis sinxela de realizar.”*

### **DEBATE:**

**A Sra. Iglesias Ferreira** recorda que houbo estes días unha batida no Monte Santa Trega e que é moita a xente que padece o problema dos xabaríns. Considera que o Concello ten unha responsabilidade neste tema que é controlar que os veciños manteñan as súas fincas limpas, porque nas fincas limpas non ten o seu hábitat o xabarín.

**O sr. Rodríguez Fariñas** da conta do resultado das dúas últimas batidas levadas a cabo nos montes da Comunidade de Montes da Guarda. Tamén informa que a batida realizada pola Comunidade de Montes de Salcidos non tivo bos resultados porque outras persoas estiveron facendo ruído para espantar os xabaríns da zona. Di, ó igual que a concelleira Iglesias Ferreira, que hai fincas que están cheas de maleza que permiten que os xabaríns proliferen. Por outra banda, nalgúns lugares como a Fonte de Santa Catalina, os xabaríns van comer ós contenedores de lixo. Di que a Sociedade de Caza pediu permiso para realizar unha batida e foille denegada. Di, en resumo, que hai varios factores determinantes neste asunto, e que ten que haber unha coordinación entre a Administración Autonómica e os concellos para atallar este problema.

**A sra. Ortega Martínez** di que o Partido Popular vai presentar unha alegación a esta moción: a Consellería de Medio Rural non ten competencia neste tema, senón que é competencia de Consellería de Medio Ambiente.

**O sr. Alcalde** recrimina os comentarios da portavoz do Partido Popular. No que respecta á moción, o grupo de goberno di que lle vai requerir á Xunta de Galicia que teña algún tipo de política sobre o problema dos xabaríns.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

**O sr. Baz Vicente** di que se fai o cambio: Consellería de Medio Ambiente por Consellería de Medio Rural.

**VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación **é aprobada pola unanimidade** dos presentes

**VOTOS A FAVOR (17):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASETE VOTOS A FAVOR)

- RE nº 265 da Peña Celtista do Baixo Miño asumida polo Partido Popular.- Cambio de denominación de rúas.

O sr. Alcalde dalle a palabra ó Presidente da Peña Celtista Baixo Miño para que defenda a súa moción. O Sr. Barros toma a palabra e expón os motivos polos que presenta a seguinte moción e o por qué do sentido da mesma.

*“D. JOSÉ CARLOS RODRÍGUEZ BARROS, con el NIF 35.965.939B, domiciliado en la Carretera de Camponsancos nº 13 de A Guarda, en calidad de PRESIDENTE de la PEÑA CELTISTA DE ACCIONISTAS DO BAIXO MIÑO, con el CIF G-36.241.636, domiciliada en José María Andreini nº 6 de A Guarda*

**EXPONE:**

*Que el callejero de A Guarda tiene una deuda con el de Vigo, mientras en esta ciudad tiene dos calles llamadas A Guarda y Santa Trega, nuestro Concello no tiene nada relacionado con dicha ciudad, si añadimos la vinculación entre las dos poblaciones, por trabajo, deporte, diversión, cultura y un montón de cosas más, estamos moralmente obligados a saldar esta deuda.*

*El R.C.Celta lleva en el dorso de su camiseta un trisquel que fue descubierto en A Guarda, esto significa un acercamiento a nuestro pueblo que debe ser correspondido. El triquel no fue colocado en esa camiseta por casualidad, se hizo a sabiendas que había sido encontrado en el Poblado Celta más importante de la Península Ibérica, el del Monte Santa Trega.*

*Por estos motivos*

**SOLICITO:**

*Que la Primera Transversal Los Bechos y la continuación Segunda Transversal Los Bechos pasen a llamarse VIGO y la Tercera Transversal Los Bechos quede con el nombre de R.C.Celta, siendo la unión de la calle Vigo y el Monte Santa Trega”*





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **DEBATE**

**A sra. Ortega Martínez** pide os grupos apoiem esta moción. Cre que A Guarda llo debe ó Celta de Vigo.

**A sra. Iglesias Ferreira** cre que estes temas teñen que vir a pleno con consenso. Ela non está a favor de que se modifiquen os nome das rúas porque supón un problema para os veciños e empresas. Di que habería que utilizar estes nomes para rúas de nova apertura. Recoñece que descoñecía a proposta do portavoz de Convergencia Galega, a cal lle parece acertada.

**O sr. Rodríguez Fariñas** fai as seguintes puntualizacións:

1º.- En primeiro lugar cre que con estas accións pódese abrir unha cascada de peticións de peñas para poñer nomes de rúas.

2º.- El non é celtista.

3º.- Pregunta en cantos municipios hai unha rúa que se chame Real Club Celta e onde queda a rúa Real Club Celta en Vigo..

4º.- Convergencia Galega está no seu dereito de presentar unha alternativa que é máis facilmente defendible.

5º.- Recorda que o Sporting Guardés cumpríu 50 anos, o Clube de Remo Robaleira cumpríu 25, e o Atlético Guardés cumpre este ano 50 anos, e non se lle dedica ningunha rúa.

6º.- Considera que hai persoas con máis merecementos para que se lle dedique unha rúa como son o Padre Orestes, Hermelindo Portela, Gomez Alfaro ou o Padre Merino.

**O sr. Lomba Alonso** di que o BNG pretendía evitar esta situación coa que perden todas as partes. Cre que non se fixeron os suficientes esforzos. Volve pedir que se deixe sobre a mesa o asunto e se retiren as dúas propostas.

**O Sr. Español Otero** di que se fixeron moitos esforzos pero o Presidente da Peña Celtista do Baixo Miño non se move un ápice da súa proposta inicial. Hai, en cambio, unha proposta alternativa que é máis asumible. Considera que poñer a unha rúa o nome de Real Club Celta de Vigo suporía o principio dunha cadea de erros.

**O sr. Alcalde** di que esta proposta ven a pleno porque nunha assemblea da Peña, o Presidente a propuxo. Di que el sempre lle dixo que non a compartía e que quería que saíra por unanimidade. Se lle propuxo que levara á assemblea a proposta de "Rúa Celta" pero non a levou. Nese día xa sabía que non había posibilidade de chegar a un acordo. Só había unha maneira de saír ben deste asunto que era que ningún grupo político asumira a moción.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación obtén o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (5):** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez (CINCO VOTOS A FAVOR)

**VOTOS EN CONTRA (9):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (NOVE VOTOS EN CONTRA).

**ABSTENCIÓNS (3):** Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso e Martinez Vazquez (TRES ABSTENCIÓNS)



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Polo que, a vista do resultado, a moción **non prospera**.

**O sr. Rodríguez Barros** di, dende a bancada, que está mal votada a moción. Que hai que votar en conxunto o nome das dúas rúas.

**O sr. Alcalde** pregunta ós concelleiros se teñen inconvinte en votar por separado, o que responde o Partido Popular que non queren que se vote por separado, polo tanto mantense o resultado da votación e a moción, no seu conxunto, non prospera.

**O sr. Lomba Alonso** quere facer unha moción in voce porque a rúa Vigo non creaba debate e presenta unha moción in voce para que se coloque a rúa Vigo nalgún lugar do municipio. Pregunta ós concelleiros do PP se apoiarán a moción in voce ó que responden que non. Por este motivo o BNG retira a moción in voce.

(23:20 horas) Neste momento abandona a sesión a Sra. Vicente Baz.

(23:20 horas) Neste momento faise un receso.

(23:28) Neste momento reanúdase a sesión.

- RE nº 273 da Concelleira non adscrita- Moción para que o Concello da Guarda solicite a modalidade de bacharelato de arte para IES A Sangriña de A Guarda.

A sra. Iglesias Ferreira da conta da seguinte moción:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Congreso dos Deputados aprobou en novembro de 2013 a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de Decembro, para a mellora da calidade educativa LOMCE, publicada no BOE o 10 de decembro de 2013. A lei non substitue senon que modifica o texto da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*

*A LOMCE establece tres modalidades de bachelato distintas:*

- Ciencias
- Humanidades e Ciencias Sociais
- Artes

*Duas de estas modalidades de Bachelato se veñen impartindo no IES A Sangriña da Guarda, pero a modalidade de Artes non se pode cursar neste centro, pero tampouco se pode cursar en ningún centro da nosa comarca, é ademáis tamén é complicado conseguir plazas en outras localidades.Son varios os mozos e mozas que xa este curso 2016/17 tiveron que optar por trasladarse a Vigo para cursar esta modalidade ou desestímala, cursando outra distinta a desexada.*

*Sabemos que son moitos os xóvenes que deciden optar por ciclos formativos de formación profesional que non poden cursar na nos vila, xa que son moitísimas as familias formativas que se ofertan dende educación, e os requisitos que hay que cumprir (mínimo de alumnos, aulas e talleres específicos, laboratorios, maquinarias,...) no caso da modalidade de bachelato de artes, o elemental é*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*coñecer a través dos centros de educación secundaria da Guarda e cercanos (O Rosal e Oía), a cantidades de xóvenes interesados en cursar esta modalidade para o curso 2017/18 e trasladar os datos a Xunta de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para tratar de atopar solucións.*

*Polo que, contemplada esta posibilidade, se somete ao Pleno do Concello de A Guarda a adopción dos seguintes acordos:*

- 1º Recabar os datos do número de alumnos interesados en cursar a modalidade de Bachelato de Artes dos centros de Educación Secundaria Obrigatoria da Guarda (achéganse datos)*
- 2º Poner en coñecemento dos alcaldes dos concellos de Oia e O Rosal a solicitude que se vai facer a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que aporten datos sobre o número de alumnos do centro de Educación Secundaria do seu municipio que poderían estar interesados en cursar a modalidade de Bachelato de Artes.*
- 3º Solicitar dende o concello de A Guarda as corporacións dos concellos de Oia e O Rosal o apoio a solicitude da Modalidade de Bachelato de Artes para o IES A Sangriña de A Guarda.*
- 4º Trasladar a petición da Modalidade de Bachelato de Artes para o IES A Sangriña da Guarda a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia*

### **DEBATE**

**O sr. Rodriguez Fariñas** di que vai agardar ás explicacións don concellerio Sr. Crespo Gonzalez.

**A sra. Martínez Vazquez** di que o BNG quere que os rapaces da Guarda teñan as mesmas posibilidade de formación que o resto dos galegos e por eso van votar a favor da moción.

**A sra. Ortega Martínez** di que van votar a favor porque é positivo para o municipio.

**O sr. Crespo Gonzalez** di que están a favor desta moción. Para chegar a bo fin hai que ter en conta tres variables: a demanda, o propio instituto e o profesorado. Necesítase demanda, espazo e profesorado, por eso considera que esta proposta debe partir do propio instituto da Sangriña e debe contarse coa súa opinión.

**A sra. Iglesias Ferreira** agradece o apoio dos grupos. . Di que xa se fixo un estudio a través dun sondeo nos centros de educación secundaria no que participaron os directores de A Sangriña, Somascos e Manuel Suárez Marquier e o orientador de Carmelitas e se obtiveron datos suficientes para elo. No sondeo realizado 20 xóvenes consideraron como opción para cursar o próximo curso o bachillerato de artes Despois terá que ser a Consellería quen faga as xestións necesarias para implantar esta modalidade no IES A Sangriña.

**A sra. Martínez Vazquez** di que teñen constancia de que xa tentou noutra ocasión impartir esta modalidade.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación é aprobada pola unanimidade dos presentes

**VOTOS A FAVOR (16):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASEIS VOTOS A FAVOR)

- RE nº 407 de CONVERXENCIA GALEGA.- Reordenación e saneamento do espacio entre as casetas e o muño de Mazaracos.

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

*“A zona de As Casetas (Fontiñas), así como os arredores do Muño de Mazaracos (Muño de Abaixo) e nesa parte da rúa Rosal, amosan unha imaxe de deixadez e abandono que causa unha mala imaxe a quen nos visita e provoca molestias os/as residentes do lugar, fundamentalmente aos moradores das vivendas sociais alí existentes.*

*E de destacar que nese espacio atopamos un enorme desbaraxuste nos espacios donde aparcas, veirarruas obsoletas nas que as baldosas e bordillos están esquizados e non teñen as medidas mínimas esixidas por Lei, e donde para pasar unha persoa, ten que baixar a que veña de fronte. A existencia dun espacio que semella un “auditorio” a ceo aberto, desanxelado e sen ningún tipo de uso dende a súa inauguración. Leiras sen muros de peche e cheas de lixo, partes asfaltadas e outras en terra, ou ¿¿..parque infantil.. e pista de skate..?? que sirven de comentario a quenes chegan ata alí, o mesmo que os espacios o arredor do Museo do Mar.*

*Debemos ter en conta, que ademais neste lugar, está a sede do C.R. Robaleira ou o Clube Social Fusalco, así como a cabeceira da Senda Azul ou da Rúa das Cetáreas, así como nas proximidades están o Grupo Escolar “D. Nicolás Gutierrez Campo-As Solanas” e a Gardería Infantil.*

*Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para séu debate e aprobación se procede da seguinte MOCION:*

*O Concello de A Guarda acorda encargas o proxecto para redimensionar, adecentas e melloras este espacio entre as As Casetas (Fontiñas) ata os arredores das vivendas sociais do Muño de Mazaracos (Muño de Abaixo) para incluílo nas obras “CONCELLOS/2017” financiadas pola Deputación Provincial de Pontevedra.”*

### **DEBATE:**

**O sr. Alcalde** pregunta onde é esa zona o que lle responde o sr. Rodríguez Fariñas que as



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

casetas é o nome tradicional de Fontiñas e o Muño de Abaixo foi historicamente Muño de Mazaracos.

**A sra. Iglesias Ferreira** di que ten dúbidas porque nesa zona ten competencias Portos de Galicia e probablemente sexa un proxecto complicado.

**O sr. Baz Vicente** di que a moción necesita unha aclaración para determinar quen ten competencias en cada lugar da zona. Considera que se pode agardar ás conclusións do Plan de Mobilidade e en todo caso garantir que o mar non chegue á zona.

**A sra. Ortega Martinez** di que podería repetir o mesmo que se lle dixo sobre a rúa Cal, pero que non vai facer.

**O sr. Español Otero** di que o equipo de goberno ten marcadas unhas prioridades nas súas actuacións, ten compromisos adquiridos. Non pretenden dicir que non haxa que actuar nesa zona senón que xa teñen determinadas outras obras. Nesa zona ten competencias moi importantes Portos de Galicia. Dende o Concello se debe esixir a outras administracións que actuen en zonas da súa competencia. O proxecto sobre o entorno da Atalaia está redactado e pendente dende a época de Riego. Considera que este proxecto ten que executalo Portos de Galicia.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que hai un anteprojecto e que non se seguiu coa tramitación, pero non cre que custe moito actualizalo. Cre que hai que facer negociacións coa administración competente na maioría desa zona. Hai instalacións alí que son concesión de Portos de Galicia.

**O sr. Español Otero** di que o Concello non está en condicións que executar esa actuación e vai insistir en que sexa Portos de Galicia.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que deixa o asunto sobre a mesa.

- RE nº 408 de CONVERXENCIA GALEGA.- Expedición do DNI na Casa dos Alonsos.

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

*“Dada a existencia de varios escalóns no Salón de Plenos que impiden ou dificultan o libre acceso o espacio donde se tramita a xestión da emisión do Documento Nacional de Identidade a persoas con mobilidade reducida ou a país/nais que acuden a facerlle dito documento a nenos/as de poucos meses de nados,e que en moitas ocasións precisan a axuda de membros da Policía Local ou de outros veciños/as para salvar estes escollos,como podemos observar e participar na axuda neste mes de xaneiro do 2.017*

*Dende CONVERXENCIA GALEGA vimos a propoñer ao Pleno para o séu debate e aprobación se procede a seguinte MOCION:*

*O Concello acorda trasladar para a Casa dos Alonso a tramitación do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.) dado que no séu salón de acceso non existen*<sup>21</sup>



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

*barreiras arquitectónicas, facilitando e mellorando desta maneira dito servizo os cidadáns.”*

**O sr. Alcalde** di que a orde de facer o DNI xa está dada.

**VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación é **aprobada pola unanimidade** dos presentes

**VOTOS A FAVOR (16):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASEIS VOTOS A FAVOR)

Neste momento abandona a sesión o Sr. Español Otero (23:50 horas).

- RE nº 432 de CONVERXENCIA GALEGA.- Polo mantemento do servizo de ADIF en Guillarei.

O sr. Rodríguez Fariñas da conta da seguinte moción:

*Dentro da campaña de recortes de ADIF, agora tócanos ao Baixo Miño sufrir as consecuencias, xa que tal e como ten anunciado, vaise producir o peche de **despacho de billetes na Estación de Guillarei**, o que nos obrigará a levar esta xestión a maior distancia da nosa zona e provocando máis custos e molestias aos usuarios da nosa comarca.*

*Existe a gran sospeita que dita suspensión se vai producir a inicios de febreiro, para a continuación seguir facendo o mesmo noutras localidades da nosa comunidade, fundamentalmente na provincia de Ourense, o que conlevará a traslados, novos destinos, xubilacións anticipadas no persoal funcionario e paro para laborais, o mesmo que vai a ocorrer cos traballadores que na súa área de influencia, afectando directamente aos servizos de cafetería e outras concesións ubicadas nestas dependencia que quedarán valeiras de contido.*

*Polo que na defensa dos postos de traballo no público, pero tamén no privado, contra os recortes nos servizos ferroviarios de venta de billetes e de atención aos viaxeiros en Galicia, así como na defensa de un ferrocarril público, social e de calidade, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar o pleno para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCION:*

*O Concello de A Guarda, esixe a ADIF e o Ministerio de Fomento o mantemento do despacho de billetes na Estación de Guillarei, por ser punto de referencia para a maioría dos concellos do Baixo Miño.*

*Reclamar o apoio das distintas instancias das Administracións Locais e Macomunidade do Baixo Miño, Deputación Provincial e Goberno Galego, dando traslado desta reclamacións o Grupos políticos representados no Parlamento Galego e Congreso dos Deputados.*



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**DEBATE:**

**O sr. Lomba Alonso** di que este non é primeiro paso que se da neste sentido toda vez que o BNG xa presentou unha moción neste plenario relativo ós horarios. Adianta que o BNG vai presentar una iniciativa diante do Parlamento Galego.

**VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación é aprobada pola unanimidade dos presentes

**VOTOS A FAVOR (15):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (QUINCE VOTOS A FAVOR)

Neste momento regresa á sesión o sr. Español Otero (23:55 horas)

- RE nº 469 do PARTIDO POPULAR.- Moción para publicitar o regulamento de lixo.

O sr. Castro Martínez da conta da seguinte moción:

***“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*O pasado 30 de decembro entrou en vigor o novo Regulamento de limpeza pública e recollida do lixo, unha ordenanza na que participamos activamente os partidos maioritarios do noso concello, e que saliu finalmente aprobada, aínda que non foron atendidas as alegacións demandadas polos grupos da oposición.*

*Nesa ordenanza fálase das esixencias aos cidadáns e das sancións, pero non das obrigas do concello, como a limpeza dos contedores ou a frecuencia de recollida. Tampouco da obriga de manter os espazos públicos en perfecto estado de salubridade e seguridade.*

*Pero o Regulamento está ahí, e está para cumprilo. Sen embargo, a maioría dos cidadáns descoñecen o seu articulado, e tamén as sancións reflectidas no seu apartado correspondente.*

*Sabemos que todos estamos obrigados a coñecer as leis e regulamentos, e que están explícitamente anunciados e detallados no BOE, DOGA, BOP, etc. Pero non estaría de mais que no caso que nos ocupa, a Ordenanza do Lixo, anunciada no BOPPO o venres 21 de outubro de 2016, se publicitara de xeito máis directo de cara aos cidadáns.*

*O Partido Popular de A Guarda cremos que a reciclaxe é a solución máis axeitada ao problema do lixo, e entendemos que todo o mundo ten que saber que hai un*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*Regulamento e que debe coñecelo e aplicalo unha vez aprobado co voto en contra dos partidos maioritarios da oposición.*

*Ainda que a Administración ten feito grandes esforzos por divulgar a cultura da reciclaxe, con estupendas campañas de concienciación a tódolos niveis, especialmente nos colexios, todavía vemos xente que parece que non se entera ou que non quere colaborar co resto da sociedade, tirando lixo ao chan, utilizando de forma inaxeitada os contedores, xerando vertedeiros incontrolados dos que temos varios exemplos na Guarda, pegando panfletos nas farolas ...*

*Nós queremos cambiar isto e facer un concello máis limpo, onde todos convivamos cun máximo respecto co medio ambiente e con nós mesmos.*

**POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA Ó PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SI PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:**

*Que o Grupo de goberno publicite o contido do Regulamento de Limpeza e de Recollida do Lixo, do seguinte xeito:*

*a) Editando un especial do Boletín de Información Guardés (BIC), onde se dea a coñecer de xeito didáctico o contido do Regulamento.*

*b) Solicitando aos creativos locais profesionais a realización dun cartel informativo, no que se visualicen gráficamente os aspectos máis salientables do Regulamento, coma os horarios de recollida, os tipos de lixo, os usos dos contedores, etc, e colocando dito cartel nos puntos de recollida.*

*c) Creando en espazos públicos paneis de información onde os cidadáns poidan expresarse, evitando así o pagado de panfletos no mobiliario público."*

### **DEBATE:**

**A sra. Iglesias Ferreira** cre que todo o que sexa informar á veciñanza é positivo. Por outra banda ten dúbidas coa expresión "creativos locais profesionais" ó que lle contesta ó Sr. Castro Martínez que se refire ós profesionais que se dedican ó deseño gráfico. Remata dicindo que este tema xa se trouxo a pleno en forma de alegación ó regulamento do lixo por parte do BNG.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que agarda a explicación do Sr. Rodríguez González e aproveita para felicitalo por aplicar o regulamento co circo que se instalou estes días na vila.

**O sr. Lomba Alonso** recorda en primeiro lugar o acontecido cando o BNG trouxo a pleno unha moción para adherirse ó Plan Revitaliza da Deputación Provincial: subscribe a frase da exposición de motivos que di "a reciclaxe é a solución máis axeitada ao problema do lixo" e sinala que votou de menos este posicionamento naquel entón. O BNG sintese orgulloso de que o PP reutilice unha alegación deles para traer esta moción ó Pleno. Deséxalle ó Partido Popular sorte para que esta moción vaia adiante. Consideran boa idea publicala no BIC. Cre que publicidade da ordenanza debería chegar antes que a súa entrada en vigor. Lles xenera dúbidas o punto 2 da parte resolutiva e lle pide ó Partido Popular que non sexa tan taxativo neste asunto.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**O sr. Alcalde lle** pide ó Partido Popular que retire a moción porque o regulamento xa entrou en vigor e o equipo de goberno puxo nas máns dun creativo local a campaña publicitaria.

**A sra. Ortega Martínez** di que non retira a moción.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación **é aprobada** co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (10):** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZ VOTOS A FAVOR)

**VOTOS EN CONTRA (6):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez (SEIS VOTOS EN CONTRA).

- RE nº 470 do PARTIDO POPULAR.- Moción para a retirada das palmeiras mortas dos espazos públicos.

O sr. Castro Martínez da conta da seguinte moción:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*As palmeiras mortas polas plagas como a do Picudo Bermello, presentan na actualidade un aspecto lamentable, e atópanse en total situación de abandono.*

*Pero iso non é o máis preocupante, senon o perigo potencial das palmas que permanecen unidas ao tronco. Estas continúan co seu proceso de putrefacción e a capacidade de agarre vaise reducindo co tempo ata que perdan toda a súa resistencia, e acaben caíndo ao chan.*

*En caso de temporal, as palmas poderían voar e alcanzar a unha persoa ou un vehículo, provocando un serio accidente.*

**POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA Ó PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SI PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:**

*Que o grupo de goberno proceda á retirada inmediata dos espazos públicos das palmeiras afectadas, para evitar así o risco de accidentes.”*

### **DEBATE:**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que ela é sabedora de que xa se está facendo.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que apoia a moción.

**A sra. Martínez Vazquez** pregunta ó Concelleiro sr. Rodríguez Gonzalez se se está executando o Plan de Medio Rural soterrando as palmeiras e, no seu caso, onde.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**O sr. Rodríguez González** di que se está executando o protocolo. Dende o Concello se está tratando de combater a plaga nas palmeiras que consideran simbólicas pero é carísimo e moi complicado.

**O sr. Alcalde** di que o equipo de goberno votaría a favor se aceptan unha enmenda a incluir na moción: “Instar á Xunta de Galicia para que tome medidas para erradicar a plaga”. Esta enmenda ven motivada pola inacción absoluta da Xunta de Galicia. O tratamento da plaga é carísimo e dificultoso. Ademais, desfacerse das palmeiras támén é moi caro.

A sra. Ortega Martinez di que aceptan esta enmenda.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación, coa enmenda apuntada, **é aprobada** pola unanimidade dos presentes

**VOTOS A FAVOR (16):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASEIS VOTOS A FAVOR)

- RE nº 471 do PARTIDO POPULAR.- Moción para a modificación da fonte da Alameda.

O sr. Castro Martinez da conta da seguinte moción:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*De todos é coñecida a fonte-estanque da Alameda, elemento supostamente ornamental, pero constantemente avariada e chea de lixo por falta de mantemento. Este elemento, de dudosa calidade funcional e estética, supón un potencial perigo para a xente que pasa ao seu carón e especialmente para os nenos que xogan neste o noso máis concurrido, por non dicir o único espazo de lecer que posúe a nosa vila. Recentemente, coa ampliación do sitio destiñado aos columpios, reduciuse a superficie para o paseo, xa que a Alameda é un espazo aillado e rodeado de rúas, polo que, obviamente non pode medrar, (a menos, claro, que se cumpla a nosa moción con RE nº 4772 presentada no pleno ordinario do 29 de xullo de 2016 e aprobada por UNANIMIDADE).*

*Son moitas as familias que están realmente preocupadas polo perigo que representa esa fonte, principalmente pola súa xeometría e os afilados cantos do seu bordiño. Moitas persoas coinciden en que debería cambiarse o tipo de fonte.*

**POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA Ó PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SI PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:**

*Que con vistas ao próximo verán, se proceda á demolición da actual fonte e se hai consenso da necesidade dunha fonte se constrúa outra de chorros a nivel do pavimento, do estilo da de Vilanova de Cerveira. “*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **DEBATE:**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que a ela lle parece unha fonte perigosa e que lle gustaría que se modificase.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que a el lle constan moitas queixas por esta fonte o cal é significativo.

**O sr. Lomba Alonso** di que xa deixou claro no seu momento que esta fonte era perigosa. Eles avogan por unha fonte segura, sen entrar a valorar a súa estética.

**O sr. Español Otero** di que comparte a opinión do resto do plenario sobre os defectos da fonte. Cre a ubicación da fonte é mala. Di que o equipo de goberno vai apoiar a moción porque xa tiñan previsto modificala, deixando claro que un sistema de chorros como a de Vilanova de Cerveira é excesivamente caro. Colocarase a fonte a nivel do pavimento para evitar que sexa perigosa.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación é aprobada pola unanimidade dos presentes

**VOTOS A FAVOR (16):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASEIS VOTOS A FAVOR)

- RE nº 484 da CONCELLEIRA NON ADSCRITA.- Moción para a revisión dos reductores de velocidade existentes no municipio e adaptación, se é preciso, á normativa vixente.

A sra. Iglesias Ferreira da conta da seguinte moción:

### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*No noso concello se viñeron instalando nos últimos anos, elementos destinados a reducir a velocidade dos vehículos en diversos tramos. Elementos que está demostrado que melloran a seguridade viaria e son moi efectivos.*

*Pero tamén é certo que estes elementos deben axustarse a normativa técnica do Ministerio de Fomento, para así mellorar a seguridade viaria e que varios foron os concellos galegos que tomaron a decisión de revisar estes badenes ou reductores de velocidade que obrigan os vehículos a moderar a velocidade.*

*Os criterios básicos a seguir para a instalación dos elementos se regulan na orde FOM/3053/2008, de 23 de setembro, pola cal se aproba a Instrución Técnica para a instalación de reductores de velocidade e bandas transversais de alerta. Según a citada orde, estas elevacións deben ter unhas medidas e lonxitudes, do contrario, de acordo co acordo co Regulamento General de Circulación, no artigo 5.2 consideranse obstáculos na calzada, aqueles resaltos que non cumplan a normativa establecida.*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*O incumplimento da normativa do Ministerio de Fomento por parte do equipo de goberno, se fora o caso, podería orixinar demandas por danos e perxucios dos cidadáns o que pode causar desembolso económicos en concepto de indemnizacións de aqueles que poidesen verse afectados polo incumplimento.*

*Por todo isto, contemplada esta posibilidade, se somete ao Pleno do Concello de A Guarda a adopción dos seguintes acordos:*

- 1º Proceder a través dos mecanismos necesarios, a revisar os reductores de velocidade ou badenes do municipio da Guarda para dar cumprimento a Orde 3053/2008 do 23 de setembro do Ministerio de Fomento ou calquera outra revisión vixente se a houbese.*
- 2º Proceder a adecuación inmediata de estes elementos á normativa vixente, se se detectan incumplimentos, ou poñelo en coñecemento da administración competente se fora o caso.*
- 3º Se teña en conta este acordo plenario de adecuación a normativa vixente na instalación de elementos reductores de velocidade no futuro.*

Explica que trae esta moción porque non lle gustou a resposta que se lle deu á portavoz do Partido Popular cando preguntou por este asunto.

### **DEBATE**

**A sra. Ortega Martínez** di que a ela se lle respostou que era competencia da Xunta de Galicia. Di que falou coa Xunta de Galicia e lle dixeron que estaban procedendo a modificar aquelas das que se lles informa, polo que será necesario que dende o Concello se lle dea conta daqueles reductores que incumpren a normativa.

**O sr. Rodríguez González** di que o Concello non é vixiante da Xunta de Galicia, eles teñen máis medios para detectar as irregularidades.

**O sr. Español Otero** di que ó Concello da Guarda non lle consta que haxa reductores de velocidade que están mal. A altura destes reductores dependen da velocidade permitida na vía na que están ubicados, porque se colocan por seguridade vial. Anuncia que se vai colocar un paso peraltado na baixada á Area Grande.

**A sra. Iglesias Ferreira** aclara que ela non está en contra dos pasos peraltados, só pide que se revisen e se modifiquen se están mal.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación é aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (10):** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZ VOTOS A FAVOR)



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**VOTOS EN CONTRA (6):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodriguez Gonzalez (SEIS VOTOS EN CONTRA).

- RE nº 485 de CONVERXENCIA GALEGA.- Proposta de creación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

*“O pasado día 21.12.2016, o tribunal Supremo ratificou a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización privativa ou de aproveitamento especial do dominio público local das instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, aprobada polo Concello de Arteixo.*

*Tendo en conta que a referida sentenza do Tribunal Supremo supón un balón de osíxeno para as arcas municipais e nunha cuantía importante, o que permitirá dispor de fondos para -entre outros- mellorar a atención e necesidades en emerxencia e servizos sociais municipais sin ter que gravar aos/as veciños/as con novos impostos, xa que serán as grandes compañías de suministro as destinatarias da nova taxa que se pretende aplicar, dacordo co artigo 35 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria de 17 de decembro e que se benefician do aproveitamento especial do dominio público local, tanto do solo, subsoló e vó.*

*Dado que no Concello e A Guarda discurren liñas de enerxía eléctrica, pero ademais, en pouco tempo tamén de gas, que atravesarán istintos espazos do Concello, e polo que entenemos sería de aplicación o artigo 20 do Texto Refundido a Lei 2/2004 do 5 de xaneiro.*

*Polo anteriormente exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, se propón o Pleno para o seu debate e aprobación se procede, o seguinte ACORDO:*

*UNICO: Instamos o Sr. Alcalde-Presidente para que polos servizos económicos municipais se redacte a maior brevedade posible de tempo a correspondente ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU DE APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL DAS INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERXIA ELECTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS ACTUAIS E FUTURAS, e se someta a votación no Pleno Ordinario a celebrar o vindeiro día 2 de febreiro/2017”*

**DEBATE:**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que non sabe se está votando a moción ou a ordenanza. Descoñece este tema, parécelle positivo pero pensa que quedará como ordenanza pendente.

**O sr. Baz Vicente** di que preguntou ó goberno local por este tema e se lle dixo que a través



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

da Lei de Facendas Locais se está cobrando o 1,5% da facturación. Aproveita para pedir que o cableado que vai polo aire vaia polo subsolo.

**A sra. Ortega Martínez** pregunta en base a que se cobra o 1,5% da facturación. Pide que a elaboración desta ordenanza se poña a cola, xa que o Partido Popular está esperando que redacten outras previas.

**O sr. Rodríguez González** di que está cobrando o 1,5% da facturación de acordo coa Lei de Facendas Locais. Di que no Concello da Guarda a maior parte das liñas polas que se podería cobrar non pasan por dominio público. Hai que facer un estudio previo para saber se se pode cobrar polo paso por propiedades privadas. En canto haxa un resultado se tratará a ordenanza.

**O sr. Alcalde** propón que a moción se modifique no seguinte sentido: Instar ó equipo de goberno a realizar un estudio e a vista dos resultados se elaborará unha ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación coa modificación introducida é aprobada pola unanimidade dos presentes

**VOTOS A FAVOR (16):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (DEZASEIS VOTOS A FAVOR)

- RE nº 486 do BNG.- Moción para promover o coñecemento da obra e do compromiso coa lingua, coas mulleres e co país de Rosalía de Castro.

O sr. Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

*“Exposición de motivos:*

*O 24 de febreiro de 2017 cúmprense 180 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade. Temos a posibilidade de aproveitar este momento para exhibir o orgullo de quen somos, o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego e a valentía de describir as discriminación das mulleres e apostar por unha sociedade libre e igualitaria. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o idioma galego, hoxe especialmente ameazado.*

*Rosalía de Castro é a escritora máis representativa e universal da lingua e da*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*literatura galegas. Ela iniciou o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o comezo da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda cunha obra, que desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente -en especial, das mulleres- e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos.*

*Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresamos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, e, en definitiva, en que realizamos a nosa contribución á cultura universal.*

*Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:*

- 1. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, accións como as seguintes:*
  - a. Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.*
  - b. Visibilizar textos rosalianos a través de pancartas, graffitis, murais...*
  - c. Desenvolver actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.*
- 2. Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.*
- 3. Solicitar da Xunta de Galiza mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego."*

### **DEBATE:**

**A sra. Iglesias Ferreira** di que tódolos anos hai unha moción coma esta; incluso pensa que é practicamente a mesma e recorda que o ano pasado se fixo un acto, moi emotivo no centro cultural, no que tamén podemos participar os concelleiros que quixeron.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que hai unha realidade palpable que é a redución de galego-falantes. Cre que nos concellos hai que contribuir a dar un pulo ó galego e propón para elo que as intervencións dos concelleiros nos plenos, cando menos, sexa en galego.

**A sra. Ortega Martínez** recalca a grandeza de Rosalía e di que lle da pena que se utilice a súa figura para facer política.. Lle parece “rastrero” que se utilice a figura de Rosalía de Castro para promover un cambio na política lingüística que os galegos non queren e así o deixaron claro nas eleccións autonómicas. Dirixese ó Sr. Rodríguez Fariñas para dicirlle que as súas intervencións nos plenos soen ser en galego pero que a Constitución Española a ampara se quere falar castelán. Di que se se retira o punto 3 votarán a favor.

**A Sra. Baz Rodríguez** di que este ano está prevista unha programación sobre Rosalía pero este ano coincide co Entroido o que dificulta a organización. Non obstante as actividades están faladas cos colexios. Di que mentras ela sexa concelleira de cultura cada ano haberá actividades de honra a Rosalía .

**A sra. Iglesias Ferreira** sinala que ela intenta falar galego pero non é súa lingua habitual.

**O sr. Lomba Alonso** di que a Lei de Normalización Lingüística deixa claro que a lingua na administración local é o galego. Di que el fai política con Rosalía, pero facer política non é malo. O BNG vai presentar as mocións que considere oportunas. Rosalía de Castro ten un compromiso coa lingua inquebrantable. Van continuar con esta moción cada ano.

**O sr. Rodríguez Fariñas** di que a Xunta de Galicia está apoiando á Galicia Bilingüe que non quere que se use o galego. Recorda que Manuel Fraga foi a persoa que forzou que alcaldes e concelleiros falaran galego. Lle gusta que a portavoz do PP saque a relucir a figura de Curros porque foi expulsado polas forzas da dereita e tivo que ir morrer á emigración.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación é aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (11):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (ONCE VOTOS A FAVOR)

**VOTOS EN CONTRA (5):** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez (CINCO VOTOS EN CONTRA).

A sra. Ortega Martinez pide que conste na acta que o Partido Popular cre na homenaxe á Rosalía de Castro.

- RE nº 558 de CONVERXENCIA GALEGA.- Moción de urxencia para cambio de denominación da rúa 3ª Trasnv. Os bechos.

O sr. Rodríguez Fariñas da conta da seguinte moción:

*“Tendo en conta que no Pleno Ordinario a celebrar o xoves 2 de febreiro de 2017 no punto 5.- Moción nº 6 RE 265 da Peña Celtista do Baixo Miño, asumida por escrito RE 285 do Partido Popular , Cambio de denominación de rúas*





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*Dado que ó longo do 4º trimestre de 2016, se levaron a cabo diversas xuntanzas entre o equipo de goberno, Grupos Municipais e representantes da referida peña, e dadas as discrepancias xurdidas sobre a definitiva denominación de dita rúa, e para evitar calquer mala interpretación da postura alternativa de CONVERXENCIA GALEGA, en data 28 de novembro de 2016, por medio do Rexistro Municipal, fixemos entrega do escrito con rexistro de entrada nº 7406 do que acompañamos copia, e que vimos a presentar como moción pola vía de urxencia para o seu debate e aprobación se procede, que na imaxe, está ben clara:  
Que a 3ª transversal Os Bechos pase a denominarse*

### *RÚA DO CELTA*

*Que as placas identificativas de dita rúa, ademais do seu texto, leven o escudo do Concello da Guarda, o do Celta e o trisquel que luce dito equipo na espalda que o identifica cultura castrexa e ca nosa localidade."*

### **DEBATE:**

A sra. Iglesias Ferreira di que pensaba que non se ía votar esta moción porque no debate da moción anterior sobre este tema se dixo que se ía traer unha moción conxunta.

O sr. Lomba Alonso aclara que na moción anterior os seus proponentes non aceptaron que se votaran as dúas propostas por separado. Responsabiliza desta decisión ó grupo político que a asumiu. Reitera o dito no debate da anterior moción sobre este tema.

A sra. Ortega Martínez di que votarán en contra porque eles asumiran unha moción noutro sentido.

O sr. Español Otero di que o grupo de goberno considera que a proposta de Convergencia Galega é acertada para dar satisfacción tamén á Peña Celtista.

### **VOTACIÓN:**

Sometida a moción á votación é aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR (8):** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Rodríguez Gonzalez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (OITO VOTOS A FAVOR)

**VOTOS EN CONTRA (5):** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez (CINCO VOTOS EN CONTRA).

**ABSTENCIÓNS (3) :** Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez (TRES ABSTENCIÓNS).

## **PUNTO 6.- ROGOS E PREGUNTAS**

### **Rogos e preguntas da Sra. Iglesias Ferreira.**

1.- Quere deixar constancia da situación na que se atopan os cristais dos vestiarios do Campo



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de Fútbol Municipal. Di que están rotos e os nenos pasan frío.

2.- Roga que se actualice a páxina web municipal. Ademáis fai tempo que non funciona.

3.- Recorda que non se fixo nada respecto dos problemas que teñen os veciños da rúa Fernandez Albor polos danos dos temporais pola entrada de auga nos baixos.. Pregunta se hai noticias de costas do Estado para o arreglo do paseo que ten risco de afundirse na zona en concreto de esas vivendas xunto antes de Sta. Catalina.

4.- Pregunta se se van a convocar as prazas da Policía Local.

*Estanse tramitando as de auxiliar e é intención do equipo de goberno convocalas a través da oferta de emprego público.*

5.- Recorda os problemas que están a provocar as ratas no municipio.

6.- Di que en Camposancos hai uns contenedores tirados porque non teñen suxeicións.

7.- Di que hai que solucionar o tema da arboleda ó carón do Colexio Manuel Rodriguez Sinde coa Comunidade de Montes da Guarda.

*Iniciáronse xestións coa Comunidade de Montes da Guarda para solucionar esta problemática*

### **Rogos e preguntas do Sr. Rodríguez Fariñas**

1.- En primeiro lugar felicita ó Sr. Español Otero por colocar a marquesiña en Salcidos.

2.- Quere que se lle conteste ás preguntas do pleno anterior.

3.- Quere saber se se sigue facendo depuración de saldos coas obrigacións pendentes.

*Está rematada a depuración ata o ano 2010, neste ano sería convinte depurar dende o 2010 ó 2013.*

4.- Di que hai persoas que teñen medo a pasear polo Castelo pola presenza de cans perigosos.

5.- Pregunta se se fixo algunha xestión para que "R" pagara as taxas polas obras realizadas.

*Si, estanse facendo xestións*

6.- Di que os contenedores de vidro da zona de Mazaracos estiveron varios días cheos.

*Lamentámolo*

7.- Reitera a solicitude de informe do secretario sobre a forma xurídica do Padroado.

8.- Di que aínda se está agardando que se pinten unhas liñas amarelas na 3ª Transv. A Cruz.

9.- Na 2ª Transversal Oliva hai que poñer unha barandilla para baixar ó Regiño.

*Está medida, en proceso de fabricación*

10.- Dille ó grupo do Partido Popular que podería votarlles unha man cos gastos para facer



**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

as reclamación de Valentín para que se cumpla a sentenza.

11.- Hai un decreto no que se pide un ingreso nunha conta de Novacaixagalicia cando esta entidade non existe.

12.- Di que na Guarda sae barato tirar unha fachada a conservar referíndose á vivenda que era do cura de Coira. Agora é dunha entidade bancaria e se lle multa con 1.000 euros trimestrais.

13.- Pregunta que se vai facer coas reclamacións de responsabilidade patrimonial que se presentaron no Concello.

*Vanse tramitar en canto teñamos persoal dispoñible, que será pronto.*

14.- Pregunta se o equipo de goberno vai cumprir coa Lei da Memoria Histórica.

15.- Lle preocupa a situación do Club de Tenis Codesal.

16.- Denuncia o estado no que se atopa a vivenda na que estaba o estanco da Sara “a Janchella”.

*Nos tamén estamos preocupados por este tema e trataremos de darlle solución. Redordámoslle que ese inmovible pertence a unha fundación.*

17.- Reitera as carencias do Centro Cultural.

*Pedimos presupostos para solventar esas carencias. Algunhas xa se solucionaron*

18.- Non se lle facilitou ningunha documentación sobre Gas Natural.

*Cando queira pode poñerse en contacto con urbanismo para acceder ó proxecto.*

19.- Reitera a solicitude de acceso ós expedientes da Festa do Peixe Espada e da Festa da Lagosta.

*As facturas entraron por rexistro e constan no departamento de intervención.*

20.- Reitera a solicitude de acceso ó expediente de legalización das Tomadas 13.

*Pode acceder a el no departamento de urbanismo*

21.- Pide o calendario de vacacións do persoal municipal.

*Nestes intres o persoal municipal está trasladando ao concelleiro responsable as súas peticións sobre o periodo vacacional.*

22.- Pregunta se se fixo algunha xestión nova respecto ó traspaso do Centro de Saude á Xunta.

*Estanse facendo xestións previas respecto do rexistro do centro de saúde para rexistrar a finca. Tamén está solicitada unha xuntanza con conselleiro de sanidade para falar deste tema.*

23.- Pregunta por que non se pasa a un traballador municipal que cumpre todos os requisitos á segunda actividade.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*Estamos negociando con el as características da segunda actividade.*

### **Rogos e preguntas do Sr. Baz Vicente**

1.- Pregunta se houbo algún aumento no servizo de autobuses de ATSA.

O Alcalde contesta que non o sabe e que a competencia no transporte público é da Xunta de Galicia.

2.- Pregunta como está o tema do Convenio con Portos molos maceteiros. Se estarán para Semana Santa.

*Non está asinado o convenio con Portos xa que o equipo de goberno o considera abusivo e desproporcionado. Estes días vaise remitir unha proposta municipal de convenio.*

### **Rogos e preguntas do Sr. Lomba Alonso**

1.- Pide que realicen as actuacións e melloras necesarias no entorno do Colexio Manuel Rodríguez Sinde. Pide que se tome este tema en serio porque hai unha perigosidade evidente.

*O sr. Español Otero di que se está traballando na incautación dun aval que foi presentado para responder das obras alí realizadas. Iniciouse o expediente. Daráselle un impulso coa chegada da nova secretaria.*

2.- Nestes días publicáronse unhas convocatorias de postos de traballos que remiten á Páxina Web municipal, e esta non funciona. Pide que se suspendan os prazos da convocatoria.

3.- Quere saber o criterio que se sigue para asignar os locais para as barferencias. Pide un listado dos locais asignados ata o de agora.

4.- Pregunta se neste momento hai traballadores contratados no servizo de lixo.

O sr. Español Otero di que se contratou a unha empresa.

O sr. Lomba Alonso pregunta se esa contratación está avalada por un informe xurídico.

O sr. Alcalde di que non, que foi unha adxudicación directa.

### **Rogos e preguntas da Sra. Ortega Martínez.**

1.- Pregunta por que habendo baixas por enfermidade no Ges non se cubriron con suplentes.

*O sr. Español Otero responde que non tiñan o curso necesario.*

2.- Volve recordar que se elabore a ordenanza do GES.

O sr. Español Otero di que deben ser os servizos de intervención quen a redacte e informen. Están traballando nela. Encargóuselle a unha empresa a redacción da ordenanza e un responsable da mesma está traballando nela.

3.- Pregunta cando se vai pavimentar as fochancas da rúa Os Casás, e para cando o arranxo da rexilla da auga, que está atascada e cada vez que chove inúndase a rúa.

*O sr. Español Otero di que están pavimentando agora e que mañá se non chove se fará.*



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

4.- Para cando os paneis informativos da rúa Muro e Ireira?

*O sr. Crespo Gonzalez di que están a espera do permiso de Patrimonio da Xunta de Galicia.*

5.- Di que se está en prazo de solicitar o programa "ler conta moito" para dinamización das bibliotecas públicas. En que situación está?

*A sra. Baz Rodriguez di que se está estudando, que lle interesa pero depende das condicións que poñan, aínda que a intención é acollerse a esta programa..*

6.- Pregunta por qué se solicitaron só 3.000 euros na convocatoria da Deputación para axuda no fogar, cando outros concellos veciños como O Rosal o Tomiño solicitaron o tope e se lles concedeu, sendo máis do triple.

*O sr. Español Otero di que é mellor que pregunte no departamento de Servizos Sociais*

7.- Como está a ordenanza de Emerxencia Social?

*O sr. Español Otero di que están traballando nela.*

8.- Di que teñen queixas polos contadores de auga, por qué hai tantas queixas?

*O sr. Rodríguez Gonzalez di que non hai tantos problemas, unha media de tres reclamacións por trimestre. Non sempre ten razón ó reclamante.*

9.- Que ocorre coa ordenanza para regular actividades situacións e instalacións que sexan susceptibles de producir fumes, po, gases, vahos, vapores e cheiros.

*O sr. Alcalde di que está falando dun caso particular. Non teñen medios materiais nin capacidade técnica para levar a cabo esta ordenanza.*

10.- Como van as negociacións coa Igrexa para a cesión da estrada de entrada ó cemiterio.

*O sr. Alcalde di que falou pero non negociou.*

11.- Que actuacións se van a realizar a prol dos enfermos de alzheimer e os seus familiares?

*O sr. Alcalde responde que aínda non hai nada programado.*

12.- Cando se van arranxar as plaquetas da zona de vivendas de protección social do Muño?

*O sr. Español Otero di que están arranxando.*

13.- O Concello da Guarda vaise presentar á convocatoria para concesión de escolas obradoiros?

*O sr. Alcalde di que se poden van solicitala.*

14.- Cales foron os argumentos para cambiar o proxecto da gardería para o antigo colexio Manuel Rodríguez Sinde?

*O Sr. Alcalde di que se trata dunha segunda proposta máis barata por se din que non a primeira.*

15.- Por qué non se puxo a marquesiña en Donantes de Sangue?



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Porque en Intervención lle dixeron que se trataba dunha inversión que non se podía facer metras non estean os orzamentos aprobados.

16.- Pregunta polas investigacións polo depósitos de lixo e voluminosos ó carón do punto limpo. Chegouse a descubrir algo?

17.- Por qué non se lles chamou nesta ocasión na que houbo un preacordo entre os Asteleiros Joaquin Castro e Entidade Local Menor de Camposancos? Di que na foto si que aparece a vocal do Partido Socialista.

O sr. Alcalde di que porque forma parte do equipo de goberno.  
A sra. Ortega Martínez di que terían que ter outra consideración tanto coa CIGA, co BNG e co Partido Popular que tanto se preocuparon por esta situación.

18.- Critica o estado no que están os carteis anunicadores da vila que hai vindo de Baiona?

19.- Di que hai veciños de Camposancos que aparecen no padrón como veciños de Salcidos ou da Guarda. Pide que se solucione eso, xa que os límites están claros.

20.- Hai que poñer luces na rúa Tui ó carón do Colexio Manuel Rodríguez Sinde.

21.- Que pasa coa sentenza xudicial sobre o problema de accesibilidade da rúa Baixo Muro?

22.- Rogo que coloquen as 4 lámparas que faltan na farola central da praza de Avelino Vicente, pois está moi escura. O alcalde dixo que non se poñen para aforrar luz, se esa é a razón, que apaguen as 4 últimas farolas de Circunvalación (que non hai casas) e que encendan as la praza Avelino Vicente, a zona máis concurrida da vila.

23.-As escaleiras dentro do Conservatorio, están faltas dunha man de cemento, sendo varios pais e avós, que xa tropezaron, por favor rogo o revisen.

24.-Rogo que limpen as arquetas e sumidoiros das rúas, moitas están cheas de terra ata arriba e iso pode ser un serio problema en caso de chuvias torrenciais, inundándose garaxes e vivendas de cotas baixas.

25.- Rogo que reparen o pavimento da rúa Brasilino Álvarez, que está levantado ou afundido en varios sitios.

26.- Rogo que advirtan mediante sinais verticais da limitación de vehículos de gran tonelaxe en rúas como Pacífico Rodríguez, pois o empedrado atópase afundido. De paso, que o reparen.

27.- Rogo Que repoñan a lámpara da farola de Donantes de Sangre esquina coa subida ao Castelo, pois atópase fundida dende agosto.

28.- Rogo que se lle pida á construtora que fixo a obra da ampliación da rúa Manuel Álvarez que reparen os tubos que atravesan os pasos de peóns elevados, porque están rotos. Esixir ademais que pinten adecuadamente as antigas liñas da calzada, pois están completamente ao descuberto e os condutores confúndense de carril.

29.- Na rúa Enrique Maria Sexto, numero 1, para acceder o edificio hai dificultades porque cando se arranxaron as beirarrúas, deixouse moi alto o acceso. Rogo unha reunión cos propietarios do edificio para que se fale de atopar unha solución de accesibilidade dende a



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

beirarua ao edificio.

30.-Rogo que cambien a papeleira do cruceiro pinto e outras da zona que seguen sen cambiarse.

31.-Rogo instar a quen lle corresponda que poña un espello no cruzamento entre a subida da Cetárea e o carril Bici, na estrada. É un punto extremadamente perigoso porque os vehículos que suben teñen que invadir o carril bici para ter visibilidade.

32.-Rógase novamente que regularicen a calzada cunha capa de formigón no Barrio de Salgueiro ( cara ao nº 5) e no 1er Transversal de Salgueiro, hai moita dificultade para transitar a pe, e sobre todo en cadeira de rodas.

33.- Rogo unha solución para a señal da Wifi en Camposancos, e en outras zonas de Guarda. A sinal non vai e haberá que tomar unha decisión.

34.- A sinal no cruzamento de camiños do Forno do Duque e Camiño de Liñares, sigue sen estar arrancada. Rogo que a arranxen, pois simplemente está apoiada nun poste de Telefónica.

35.- A Farola da Armona sigue sen limparse, e os veciños de Camposancos non consideran que a resposta de la Concelleira Magallanes, amante dos dinosetos, sea a mais adecuada, rogamos que faga caso aos veciños que queren que a limpen.

36.- Rogo que dean un repaso aos espellos nos cruces das rúas, xa que algún está deteriorado e non se mira nada.

37.- Igualmente rogo que den un repaso ás sinais de tráfico e que insten a quen corresponda a que se repoñan as que non son municipais.

38.-No Castro, diante da fonte hai, unha farola cuberta con hedras, sabemos que lle encanta á sra Magallanes, coma o dinoseto de Camposancos, pero en nome dos veciños, rogamos unha vez máis que limpen as dúas.

39.-Rogo o arranxo das beirarruas da rúa Rosal, na urbanización Muíño de Baixo, aínda que se tratou tamén nunha moción.

40.-Rogo se repare a fenda no muro de contención en fronte da igrexa Camposancos, que segue sen arranxar, e ten os bidóns de lixo enriba.

41.-Rogamos arranxen a farola que está fronte do colexio PP Somascos, fáltalle a parte de arriba dende fai meses.

42.-Tamén rogamos que arranxen unha farola na Calle Cervantes, un pouco mais arriba do video club. Ten os cristais rotos e poden caírlle a calquera na cabeza, mesmo ao alcalde.

43.- Rogamos insistindo na reposición de espellos panorámicos en Camposancos, no Couto, na estrada de Camposancos no nº 78, están rotos, xa fixemos mais rogos ao respecto sin éxito.

44.-Rogo repoñan cristais na marquesiña de fonte quente, limpar a limpou un veciño pero os cristais non vai a ser él quen os poña.



**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

45.-Rogamos que instalen un sistema de retención para os bidóns da baixada ao molino, no cemintereo e no forno do duque, agora que chega o mal tempo acabarán na rua tirados polo vento.

46.-Pedimos un plan de limpeza integral, xa presentamos unha moción, pero nada se fixo. Neste pleno vamos a pedir unha especial atención na rúa Donantes de Sangre, a entrada da vila dende Baiona.

47.- Na rúa Coruña, ao lado do campo de Fínola a iluminación é insuficiente, xa que non chega a da Alameda, rogo melloren a iluminación neste punto.

Non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión ás 02:50 minutos do día 3 de febreiro de 2017 da que eu como secretario dou fe.